



# PLAN DE CONTINXENCIA

---

CRA DE MEIS

CURSO 2020/21



## ÍNDICE

1-Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.....	2
2-Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.....	4
3-Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial.....	6

O Plan de Continxencia do centro educativo **CRA DE MEIS** ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nunha escola ou na totalidade do CRA.

Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.



## **1-ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID- 19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica. É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do CRA de Meis a realización previa da autoenquisa de detección de síntomas antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do centro tal circunstancia.
  
2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 nalgunha escola do CRA seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:
  - Levarase a un espazo separado de uso individual.
  
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado).
  
  - Contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
  
  - Chamaremos ao centro de saúde de Atención Primaria do Mosteiro, ou ao teléfono de referencia do SERGAS (Xefatura Territorial de Sanidade Epidemioloxía 986 88 58 72 -urxencias- 649 82 90 90) e seguiranse as súas instrucións.
  
  - En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. As medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS.
  
  - O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.



3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo, (sen prexuízo do uso da canle informática sinalada no punto 2 do protocolo). Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinala a xefatura de sanidade.
  
4. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC, previa chamada telefónica, para a valoración polo médico de atención primaria.
  
5. Tras a aparición dun caso diagnóstico de Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no CRA poidan estar en funcionamento o resto das aulas de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.
  
6. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
  
7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
  - 7.1 A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
  
  - 7.2 Cando exista unha detección de tres casos positivos confirmados nos últimos sete días poderase acordar a medida do peche do centro educativo.



8. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
9. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **2-ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado tal e como queda recollido na programación didáctica do curso 2020-2021.

- Ao inicio de curso, dedicarase un tempo a familiarizar ao alumnado co manexo das ferramentas dixitais dentro das súas posibilidades
- O profesorado formarase, asesorados polo equipo Tic, nas apps que se empreguen no centro para poder ser competentes á hora de subir contidos á web, e realizar, así mesmo, o feedback co alumnado e as familias no caso de ensino non presencial.
- O equipo COVID do centro identificará ás familias que teñan dificultades de conexión ou falta de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

\* Para a **comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva** empregaranse:

1. Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.gal/centros/crameis/>
2. Comunicación vía **abalar móvil**.
3. Titorías telefónicas ou coa app de vídeo conferencia **Webex Meet**.



4. Vídeo conferencia entre alumnado e profesorado coa app **Webex Meet**.
  5. Correo electrónico do CRA: [cra.meis@edu.xunta.gal](mailto:cra.meis@edu.xunta.gal). Así mesmo poderanse empregar os correos corporativos do profesorado.
- \* **Desenvolvemento da programación non presencial:** A modalidade non presencial basearase nos contidos previstos na modalidade presencial. Tendo en conta que a educación infantil é unha etapa non obrigatoria, o traballo na casa basearase en experiencias, xogos, manualidades, actividades plásticas e de expresión sempre tendo en conta os obxectivos fixados na programación así como nos contidos e proxectos de traballo reflectidos nela. As tarefas a realizar na casa serán polo tanto de carácter voluntario, vivencial e práctico. Terase en conta a situación de confinamento e procurarase que as actividades non precisen de material alleo. O seguimento da programación trimestral farase a través das canles mencionadas anteriormente, así mesmo empregaranse outras ferramentas e aplicacións complementarias como pode ser **Youtube**.
- \* **Coordinación do profesorado:** Manterase o calendario habitual de xuntanzas previstas na PXA tanto do equipo docente coma das dinamizacións vía telemática, co fin de coordinarse, facer seguimento e propostas conxuntas.
- \* **Publicación das tarefas a desenvolver polo alumnado da programación non presencial:** Cada semana publicaranse as tarefas a desenvolver da programación correspondente na páxina web. A planificación de tarefas semanais incluírán non so propostas titoriais senón tamén das distintas especialidades (lingua estranxeira, psicomotricidade, música, audición e linguaxe e de ser o caso relixión). As actividades serán publicadas a comezos de semana e pensadas para o seu desenvolvemento ao longo da mesma. As posibles dúbidas das familias serán contestadas a través do correo electrónico correspondente, nas titorías telefónicas e ou nas videoconferencias programadas. As redes sociais do centro servirán para reforzar a publicación das tarefas como os vídeo-retos e publicar vídeo-contos, vídeo-titoriais... e mostrar a participación do alumnado.



**\*Recepción das tarefas do alumnado:** A recepción das tarefas do alumnado (imaxes, vídeo e de ser o caso textos) farase a través dos correos electrónicos corporativos do profesorado. O profesorado comunicará ás familias as canles e prazos de recepción das tarefas. De ser o caso compartirase unha mostra das producións recibidas na páxina e web e nas redes sociais do centro.

### **3-MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula ou do centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial. Así, rematado o período de illamento das persoas que conforman unha aula ou de ser o caso todo o centro educativo, realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e seguimento da pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e comunicaranos ao centro.

En base ás instrucións recibidas, a dirección do centro realizará unha reorganización dos espazos, alumnado, recursos materiais e persoais e informará a toda a comunidade educativa a través da canle mencionada anteriormente neste documento (Páxina web do centro e abalar móbil)

A nova programación presencial rematado o período de illamento terá en conta o período de confinamento, reforzaranse os contidos curriculares traballados durante o período non presencial e atenderase especialmente aos aspectos socioafectivos do alumnado.